

**PROGRAMACIONES DIDÁCTICAS**

**DPTO. DE GEOGRAFÍA E HISTORIA**

**C.P.I. PLURILINGÜE O CRUCE (CERCEDA)**

**CURSO 2021-2022**

## ÍNDICE

1. O modelo de programación didáctica.....	5
2. Introducción e contextualización.....	6
3. As competencias chave do currículo.....	7
4. Obxectivos curriculares da Educación Secundaria.....	9
5. Metodoloxía. Orientacións didácticas .....	11
6. Materiais e recursos didácticos.....	15
7. Medidas de atención á diversidade.....	16
8. Avaliación do alumnado .....	22
8.1. Principios xerais da avaliación.....	22
8.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	23
8.3. Criterios de avaliación e cualificación.....	24
8.4. Recuperación da materia pendente.....	25
9. Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia.....	26
9.1. No caso dunha aula confinada ou en cuarentena.....	26
9.2. No caso dun alumno ou alumna en cuarentena.....	27
10. 1º ESO.....	29

10.1. Temporalización das unidades didácticas.....	29
10.2. Unidades didácticas de 1º ESO.....	30
10.3. Criterios de cualificación.....	42
11. 2º ESO.....	44
11.1. Temporalización das unidades didácticas.....	44
11.2. Unidades didácticas de 2º ESO.....	44
11.3. Criterios de cualificación.....	56
12. 3º ESO.....	58
12.1. Temporalización das unidades didácticas.....	58
12.2. Unidades didácticas de 3º ESO.....	59
12.3. Criterios de cualificación.....	76
13. 4º ESO.....	78
13.1. Temporalización das unidades didácticas.....	78
13.2. Unidades didácticas de 4º ESO.....	78
13.3. Criterios de cualificación.....	99
14. Cultura Clásica en 3º ESO.....	101
14.1. Temporalización das unidades didácticas.....	101

14.2. Unidades didácticas de Cultura Clásica.....	101
14.3. Criterios de cualificación.....	111
15. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.....	112

## **1-O MODELO DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

O presente documento contén as Programacións Didácticas da área de Xeografía e Historia na Educación Secundaria Obrigatoria e a materia de Cultura Clásica en 3º ESO.

O modelo de programación pretende ser unha ferramenta que facilite aos profesores as seguintes tarefas:

- Planificar o seu traballo de forma eficaz.
- Reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- Establecer pautas claras para a avaliación.

## **2- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

Esta **Programación anual do Departamento de Xeografía e Historia do C.P.I. Plurilingüe O Cruce (Cereda, A Coruña) para o curso 2021-2022**, recolle as Programacións Didácticas para as materias de Xeografía e Historia nos catro cursos de E.S.O, materias troncais obrigatorias, e para a materia de Cultura Clásica, materia optativa en 3º curso de E.S.O. A dispoñibilidade horaria para desenvolver esta programación é de 3 horas semanais para a materia de Xeografía e Historia, e 2 horas semanais para a materia de Cultura Clásica. Con esta Programación pretendemos conseguir que o alumnado acade as capacidades establecidas na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de Decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), e no Decreto 86/2015, de 25 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia; partindo do nivel co que o noso alumnado chega a nós e apoiándonos nos principios metodolóxicos que promovan tanto a súa participación activa como a adquisición significativa dos coñecementos necesarios para a súa promoción a niveis superiores.

### **3- AS COMPETENCIAS CHAVE DO CURRÍCULO**

Segundo a denominación das competencias chave definidas pola Unión Europea, considérase que “as competencias chave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Identifícanse sete competencias chave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha de elas.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de

sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.



#### **4- OBXECTIVOS CURRICULARES DA EDUCACIÓN SECUNDARIA**

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no

coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **5- METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS**

O enfoque competencial das materias da educación secundaria e o obxectivo de mellora da capacidade comunicativa do alumnado determinan a adopción dun conxunto de estratexias metodolóxicas acorde cunha proposta innovadora para abordar o ensino-aprendizaxe nas aulas.

### **Enfoque comunicativo e funcional**

Un dos obxectivos da materia de Xeografía e Historia é que os alumnos desenvolvan e melloren a súa competencia comunicativa, e sexan quen de interactuar con éxito en todos os ámbitos da súa vida: persoal, académico, social, e no futuro, no ámbito profesional. Con este fin cobra especial preeminencia o desenvolvemento da lingua oral e da comprensión e expresión escritas.

No que se refire á comunicación oral apreciamos que esta se vincula á vida cotiá e persoal (familia, charlas de amigos, conversacións con compañeiros...) e a un tipo de linguaxe informal, redundante e sumamente expresiva, no ámbito académico, ademais das explicacións do profesor e as exposicións dos alumnos, o oral serve como fonte de información, e como sistema de comunicación e negociación, especialmente nos traballos en grupo. A comunicación oral presenta unha especial atención en todo o proxecto, pois a práctica oral, asociada singularmente á presentación de tarefas e traballos de clase é unha constante en todas as unidades.

No relativo á comunicación escrita, faise especial fincapé na lectura sobre todo de textos expositivos, os máis habituais na vida académica. Neste curso tamén se lle concede especial importancia á lectura dixital, unha realidade que implica o despregamento de competencias lectoras diferentes ás que esixe o libro impreso ou facsímile (e-book, PDF e formatos similares). A lectura dos novos xéneros dixitais como o blog, as wikis, os foros e as redes sociais prodúcese a saltos, de xeito fragmentado, cun protagonismo extraordinario do lector, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional.

En canto á expresión, traballaranse producións orais e escritas dos alumnos paralelamente á adquisición dos contidos e as habilidades propias da área. En todas as unidades didácticas do curso proponse que os alumnos garden as producións escritas no seu portafolio, o que lle permitirá prestar unha atención especial á presentación e expresión escrita destes traballos. Igualmente, propónselles aos alumnos que realicen exposicións orais e escritas a

partir dos traballos realizados.

### **Aprendizaxe por tarefas e traballo colaborativo**

É aconsellable desde diversos puntos de vista optar por metodoloxías activas de aprendizaxe nas que os alumnos e as alumnas son os axentes e protagonistas da comunicación e recoñecen na realización das actividades e tarefas unha relación coas súas propias necesidades comunicativas e unha aplicación directa aos diferentes ámbitos da súa vida persoal, académica e social.

Na actualidade, a forma colaborativa de traballo é unha demanda do mundo laboral polas condicións nas que este se leva a cabo: unha sociedade globalizada e con sólidas tecnoloxías da comunicación. No ámbito educativo, este tipo de traballo significa:

- Un determinado tipo de organización da aula, para propiciar o espazo para a discusión, o debate, e a toma de decisións. Isto non supón que o traballo deba realizarse sempre na aula, pois os novos medios de comunicación permiten a conexión sincrónica e a coordinación sen necesidade da presenza física.
- Unha concepción da aprendizaxe como construción conxunta do coñecemento. Ao promover o intercambio de ideas, a comunicación precisa, a actuación coordinada e o control mutuo, o traballo en colaboración conduce á aprendizaxe significativa, que se alcanza polo esforzo común. É cada individuo quen aprende, pero o que se aprende foi elaborado por todos os membros do equipo. De aí a necesidade de promover un comportamento ético no que se achegan ao grupo os propios coñecementos e se respecta o achegado polos demais. Neste sentido, este tipo de aprendizaxe é o marco idóneo para a aplicación dos principios de autoavaliación, avaliación entre iguais e coavaliación.
- Unha metodoloxía que lle concede ao alumno autonomía para aprender, e converte o docente en guía e titor do proceso. Cada estudante é suxeito da súa propia aprendizaxe, e á vez mestre e discípulo dentro do grupo. Este intercambio constante de papeis promove a interrelación persoal favorecendo en desenvolvemento de competencias sociais e a integración no grupo. O profesor deixa a función de transmisor de coñecementos e convértese en mediador e facilitador da súa adquisición.

As tarefas deseñadas en cada unidade son abertas, para fomentar a creatividade individual e do grupo, e están claramente estruturadas e delimitadas,

para non dificultar a comprensión. Nelas especificase con claridade o resultado que se pretende alcanzar -o obxectivo que persegue a tarefa é coñecido desde o comezo de cada unidade- e establécense con claridade as vías para lograr o resultado final en cada unha das fases: inspiración, realización e publicación.

Neste curso escolar, debido ás medidas sanitarias derivadas da situación de pandemia actual, limitarase o traballo en grupos para evitar situacións de risco.

### **Fomento da creatividade, do pensamento estratéxico e do pensamento crítico**

A metodoloxía por tarefas esixe a posta en marcha de procesos cognitivos complexos e a combinación de distintas habilidades e destrezas que favorecen o fomento da creatividade e a atención á diversidade de capacidades (intelixencias múltiples).

A globalización e mais o cambio constante característicos do mundo actual esixen individuos capaces de actuaren de xeito estratéxico, é dicir, coa competencia necesaria para adaptarse a situacións novas, tomar decisións pertinentes e manter unha actitude constante de aprendizaxe. Ser estratéxico implica:

- Analizar e avaliar novas situacións.
- Recoñecer as metas que se queren alcanzar.
- Tomar decisións e corrixir a súa aplicación en caso de que sexa necesario.
- Ter conciencia do que se sabe e de como e cando aplicalo.

O pensamento estratéxico baséase no "saber" e no "saber facer" e non se pode desenvolver nin teoricamente nin por medio de actividades que impliquen simplemente a comprobación de coñecementos. Para adestralos cómpre deseñar actividades nas que o alumnado deba despregar a súa capacidade de actuación, de reflexión e de creación. Deseñáronse actividades abertas (non teñen resposta única), globais (requiren integrar

coñecementos de orixe diversa) e novidosas para o alumnado (non mera reprodución doutras xa realizadas). Como en calquera outra produción, a resolución deste tipo de actividades require a revisión do procedemento que se levou a cabo facilitando a reflexión sobre a propia aprendizaxe (metaaprendizaxe).

Pensar criticamente consiste en adoptar unha actitude intelectual de análise de obxectos e informacións de calquera natureza para comprendelos e emitir un xuízo acerca da súa validez, adecuación, congruencia, verdade,... Daquela, non se trata de adherirse ou rexeitar unha determinada valoración, senón de examinar os distintos aspectos da realidade, "tomando distancia" e desde diferentes perspectivas. Como se trata dunha actitude intelectual, o pensamento crítico só se pode formar promovendo a súa aplicación a situacións diversas, automatizándoo ata constituílo en hábito.

### **Integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación**

Desde o punto de vista práctico, as TIC son soporte para determinados contidos (multimedia) e facilitan ferramentas para a construción do coñecemento, especialmente nas actividades de busca de información e para a realización de tarefas complexas.

Por outra banda, as actividades que integran as TIC teñen, en ocasións, un compoñente lúdico moi adecuado para conseguir a motivación na aula. Con todo, o uso que os adolescentes fan delas está relacionado fundamentalmente coas súas necesidades de comunicación persoal e a súa utilización no ámbito académico o que debe ser obxecto dun proceso de ensino-aprendizaxe como o que se produce noutras facetas do proceso educativo, especialmente no que se refire aos riscos inherentes a estas novas formas de comunicación.

Procurarase impulsar o emprego das novas tecnoloxías, especialmente de Internet, como activo instrumento de busca e traballo. Iniciarase ao alumnado nas técnicas de busca, así como o emprego de webquest, blogs, e a consulta de páxinas Web previamente referenciadas e recomendadas polo profesor.

Basicamente, atenderase ós seguintes aspectos:

- a.- Iniciación as técnicas de búsqueda en Internet.

b.- Busca de información e de recursos sobre a materia en Internet seguindo as indicacións e guías do profesor.

c.- Exposición de presentacións en “powerpoints” na aula.

## **6- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Libro de texto: O alumnado dispón do libro en versión dixital EDIXGAL nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, que incorpora un conxunto de contidos dixitais para ser traballados durante o desenvolvemento de cada unidade didáctica consonte a planificación docente.

O libro de texto non será a única ferramenta de traballo, o profesor tamén aportará ao longo do curso, distintos tipos de materiais didácticos (sempre acordes co currículo establecido), como presentacións, mapas históricos, textos, visionado de fragmentos de películas, fotografías e documentais, fichas de ampliación e consolidación do aprendido, fichas de reforzo...



## **7- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As aulas son un reflexo da diversidade da sociedade actual e das diferenzas propias dos individuos que integran os distintos colectivos. O recoñecemento da diversidade nas habilidades e expectativas dos alumnos e das alumnas constitúe un principio fundamental que debe rexer a acción educativa no ensino básico, cuxa finalidade é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos ante a educación, e poñer os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non-discriminación, flexibilidade, accesibilidade e deseño universal, e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade concrétnanse nos seguintes elementos:

- De ser necesario, nas distintas unidades didácticas ofreceranse **materiais concretos de apoio educativo**.
- A **atención ás diferenzas individuais** en canto a motivacións, intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe está contemplada na combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumno e á súa integración no grupo; na diversidade de agrupamentos e tarefas propostos; na combinación de linguaxes e soportes, na articulación de distintos itinerarios... elementos todos eles orientados a satisfaceren as esixencias de aprendizaxe de cada alumno e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Para atender os **diferentes ritmos de aprendizaxe**, hai fichas específicas de reforzo e ampliación destinados a melloraren as posibilidades de alcanzar os obxectivos educacionais nesta etapa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de **inclusión educativa**, que supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo.

A educación inclusiva é aquela que adapta os sistemas e estruturas da escola e dos proxectos educativos para satisfacer as necesidades dos alumnos con necesidades especiais de apoio educativo. Este principio parte da premisa de que todos os estudantes, calquera que for a súa condición particular, poden aprender sempre e cando o seu contorno educativo ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos.

Para atender as necesidades dos alumnos con necesidades de apoio educativo realizaranse, de ser o caso, adaptacións curriculares significativas das unidades didácticas de Xeografía e Historia.

Segundo a información que nos deu o departamento de Orientación a inicio de curso temos que ter en conta que:

- En 1º ESO hai un alumno diagnosticado con dislexia.
- En 2º ESO hai un alumno con dislexia e outro diagnosticado con Altas Capacidades.
- En 3º ESO hai un alumno con TEL, un alumno con TDAH, un alumno con TDA e un alumno diagnosticado con Altas Capacidades.
- En 4º ESO hai un alumno diagnosticado con TDA e dislexia, e outro alumno con TDAH.

### **Actuacións na clase de Xeografía e Historia para o alumnado con dislexia**

Adaptacións na aula para as dificultades coa lectura:

Materiais:

- Textos impresos con letras grandes
- Para exames escritos instrucións simplificadas con palabras clave para as ideas máis importantes
- Marcar as páxinas dos libros con tiras de cores para seguir a lectura

Para as técnicas de ensinanza:

- Instrucións paso a paso tanto orais como escritas
- Consistencia nas rutinas diarias
- Ensinanza en pequeno grupo
- Revisión diaria de destrezas
- Ensinanza previa de conceptos novos e importantes
- Esquemas facilitadores dos temas

Para traballos en clase e avaliación:

- Dar tempo adicional para a lectura e a escritura
- Diferentes opcións para que poidan responder: exames tipo test, espazos grandes para escribir...
- Dar exemplos de como empezar a escribir unha resposta

### **Plan de intervención co alumnado con TDAH**

Pautas e estratexias para mellorar a atención:

- Estar sentado cerca da mesa do profesor
- Debe evitarse as proximidades das portas, ventás ou compañeiros que o distraian
- Na mesa do alumno só deben estar os materiais indispensables para o traballo que estea a realizar

Antes de realizar actividades:

- Preparar aos alumnos para as leccións e actividades que se van a levar a cabo, explicando a orde na que se vai desenrolar ao longo do día
- Revisar leccións anteriores, explicando os temas con máis dificultades
- Proporcionar materiais de apoio
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente
- Utilizar materiais audiovisuais: vídeo, proxector, audio...
- Conseguir a valoración de algún compañeiro “responsable” para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas
- Utilizar reforzos positivos para motivar: eloxios privados e públicos

Exames e probas escritas:

- Preparar os datos do exame con antelación suficiente
- Comprobar que anota na axenda as datas
- Informar se é preciso as familias das datas
- Reducir o número de preguntas por folla no exame
- Complementar os exames escritos de forma oral cando se observa que están incompletos
- Deixar máis tempo para os exames
- Deixar suficiente espazo entra as preguntas
- Informar de canto tempo ten para a proba

- Supervisar que responde a todas as preguntas
- Recordarlle que repase as súas respostas antes de terminar o exame
- Utilización da axenda, supervisada pola familia e a docente
- Escribir diariamente as tarefas que leva para casa
- Usarase para reforzar e eloxiar o bo rendemento e actitude

Para mellorar e controlar a conduta:

- Reforzo positivo de condutas adecuadas
- Evitar recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, facer fotocopias...

### **Plan de intervención co alumnado con TEL**

Materiais:

- Traballar con esquemas visuais, mapas conceptuais e presentacións.
- Para exames escritos instrucións simplificadas con palabras clave para as ideas máis importantes

Para as técnicas de ensinanza:

- Falar despacio ao alumnado e con frases sinxelas.
- Evitar as preguntas pechadas de sí ou non en clase.

- Fragmentar as instrucións, non moitas á vez
- Evitar corrixir diante do grupo.
- Favorecer a reflexión sobre a tarefa.
- Dar tempo adicional para a lectura.

Para traballos en clase e avaliación:

- Dar tempo adicional para a lectura e a escritura
- Diferentes opcións para que poidan responder: exames tipo test, espazos grandes para escribir...

### **Plan de intervención co alumnado con Altas Capacidades**

Pautas e estratexias:

- Dedicar tempo na aula á reflexión oral -grupal e individual-, a facer preguntas, a formular hipóteses, etc, nun ambiente de respecto e colaboración, considerando o erro como parte esencial da aprendizaxe e xerando confianza para expoñer os pensamentos e opinións.
- Propor actividades de libre elección do alumnado.
- Posibilite o acceso do alumnado a múltiples materiais e fontes de información para que afonden, de xeito autónomo, nos temas do seu interese, e que lle ensine a planificar o seu traballo.
- Crear situacións de aprendizaxe nas que o alumnado poida enfrontarse a problemas aplicando orixinalidade, fluidez e flexibilidade, e logrando múltiples solucións.
- Reforzar a creatividade, o pensamento diverxente e a iniciativa emprendedora do alumnado.

## **8- AVALIACIÓN DO ALUMNADO**

### **8.1- PRINCIPIOS XERAIS DA AVALIACIÓN**

A normativa vixente sinala que a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado en todas as materias da educación secundaria obrigatoria debe rexerse polos principios de avaliación continua, formativa e reguladora, e integradora das distintas áreas do currículo:

- **Continua**, para garantir a adquisición das competencias imprescindibles, que permita establecer medidas de reforzo ou ampliación en calquera momento do curso cando o progreso dun alumno ou alumna así o aconselle. A avaliación continua implica a observación sistemática da actuación do alumnado, o seguimento e rexistro da actividade diaria nos cadernos e traballos de clase, e a realización de distintos tipos de probas tanto orais coma escritas para constatar en momentos puntuais do curso o grao de adquisición das competencias esixidas.
- **Formativa e reguladora**, para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, de maneira que os estudantes poidan obter rendemento académico e persoal do proceso avaliativo, e o profesorado poida adaptar convenientemente as estratexias de ensino-aprendizaxe, tanto a nivel individual coma de grupo de clase.
- **Integradora**, para a consecución dos obxectivos e as competencias correspondentes, tendo en conta todas as materias, aínda que sen impedir a realización da avaliación diferenciada de cada materia, atendendo aos seus criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Ademais, a LOMCE manifesta que se realizarán avaliacións externas de fin de etapa con carácter formativo e de diagnóstico, homologables ás que se realizan no ámbito internacional (en especial ás da OCDE) e centradas no nivel de adquisición das competencias.

O enfoque competencial integra un coñecemento de base conceptual: conceptos, principios, teorías, datos e feitos (saber); un coñecemento relativo ás destrezas, referidas tanto á acción física observable coma á acción mental (saber facer); e un conxunto de actitudes e valores de grande influencia social e cultural (saber ser). Este enfoque supón que a avaliación final do curso deberá medir o grao de dominio das competencias, o que implica:

- A elección de estratexias e instrumentos para avaliar o alumnado consonte os seus **desempeños na resolución de problemas** que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas e actitudes.
- A **integración da avaliación de competencias coa avaliación dos contidos**, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos e actitudes para dar resposta ás situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o aprendido desde unha formulación integradora.
- Medir os niveis de desempeño das competencias a través de **indicadores de logro**, tales como as **rúbricas** ou escalas de avaliación, que deben incluír rangos que teñan en conta o principio de atención á diversidade.
- Utilizar **procedementos e ferramentas de avaliación** variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral e de mellora do proceso de ensino e aprendizaxe.
- Incorporar estratexias que permitan a **participación do alumnado na avaliación** dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais e a coavaliación.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final da materia de Xeografía e Historia serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis.

## **8.2- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos e procedementos de avaliación que empregaremos son os que seguen:

- **Revisión do caderno do alumnado.** Valorarase que o alumnado realice o traballo proposto nas sesións, profundando na realización das actividades.



- **Actividades individuais ou colectivas.** As actividades que se realizan na aula, de xeito individual ou cooperativo serán avaliadas a través da observación sistemática da profesora e a recollida ou revisión das tarefas realizadas polo alumnado.
- **Exposicións orais e debates.** As exposicións, debates e postas en común no grupo-clase tamén serán instrumentos de avaliación e obxectos da mesma a través das rúbricas correspondentes.
- Emprego de **rúbricas** para avaliar as actividades e probas escritas.
- **Diario de clase da docente.** Neste recollerase a información máis significativa das sesións co fin de tela en conta á hora de cualificar ao alumnado e tamén autoavaliar a actividade docente.
- **Probas escritas.** Consistirán en preguntas relacionadas cos contidos teóricos ou de interpretación de distintas fontes xeográficas e históricas.

### **8.3- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

A avaliación deberá ser non só cuantitativa senón cualitativa, debe ter un matiz positivo, de xeito que máis que medir o que o alumno non aprendeu, se apreze o que este sabe ou vai asimilando ou mellorando. Debe valorar os coñecementos e tamén actitudes e procedementos.

A avaliación é continua, significando que debe de estar constituída tamén pola observación sistemática de todo tipo de labor e a actitude na clase. De ningún xeito pode quedar confinada a avaliación a un exercicio dado (ou exame típico). Por tanto canto máis numerosas sexan as probas, exercicios, traballos e observacións en xeral do alumno tanto menores son as posibilidades de avaliar incorrectamente.

Das incidencias de clase e actividades desenvolvidas levarase conta no Libro do Profesor, no que figurarán a asistencia a clase, a puntualidade, as notas acadadas nas diferentes probas escritas ou orais realizadas, etc.

Os criterios de cualificación de cada materia do departamento aparece desglosado nos apartados correspondentes desta Programación.

### **Requisitos mínimos para obter o aprobado:**

En cada avaliación realizarase unha media tendo en conta as porcentaxes indicadas no apartado anterior. Para obter un aprobado é necesario obter un 5 ou máis en cada unha das avaliacións. No caso de que algún alumno non teña acadada esa nota, faráselle posteriormente unha proba escrita ou oral de recuperación de contidos da primeira e da segunda avaliación.

Ao final de Curso na proba final de xuño o alumnado que non acadara cualificación positiva nalgunha ou nalgunhas das avaliacións desenvolvidas ten a posibilidade de recuperalas.

A nota final do curso farase coa nota media das tres avaliacións, e, se fose o caso, das correspondentes recuperacións. Se non acadase ese obxectivo non se lle concedería o aprobado.

O referido nos apartados anteriores non se aplicará na avaliación extraordinaria de xuño, dado o seu carácter de proba única e extraordinaria. Polo tanto será necesario obter un 5 na proba obxectiva.

Se un alumno é sorprendido copiando ou utilizando algún método de axuda para o exame (chuleta, pinganillo...) retiráraselle o exame, que será cualificado cun 0. Do mesmo xeito, en caso de tarefas ou traballos de investigación, se se comproba que foron copiados, serán cualificados cun 0.

### **8.4- RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

Tal e como establece o apartado 22.2 do Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro; aqueles alumnos e alumnas que, excepcionalmente, sexan promocionados de curso polo equipo docente con materias pendentes, deberán facelo cun plan personalizado de recuperación destas materias. O plan consiste na elaboración dun caderno de actividades que deberán entregar coa realización de dúas probas parciais. En caso de que non as superen deberán realizar unha proba final en maio.

## **9- METODOLOXÍA DE TRABALLO NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA**

Debido a situación de pandemia na que nos atopamos actualmente, é necesario concretar como sería a metodoloxía de traballo no caso en que se produza a cuarentena dunha clase ou dun alumno/a, seguindo as indicacións do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (Versión 16-09-2020).

### **9.1- NO CASO DUNHA AULA CONFINADA OU EN CUARENTENA**

Metodoloxía:

- Clase online a través de WebEx Cisco System ou outro sistema de videoconferencia que proporcione a Consellería de Educación.
- Vídeos coas presentacións dos contidos a través da aula virtual ou Edixgal.
- Entrega de tarefas a través da aula virtual ou de Edixgal.
- Explicacións e resolución de dúbidas a través de aplicacións de mensaxeira instantánea a través da aula virtual ou de Edixgal.

Materiais e recursos

- Aplicacións de uso didáctico de carácter telemático antes citadas.
- Apuntamentos propios e presentacións dos contidos.
- Tarefas confeccionadas para a entrega e corrección online.
- Vídeos explicativos de uso didáctico a través do portal web Youtube.
- Artigos ou páxinas web de interese histórico mediante enlaces web proporcionados ao alumnado mediante as aplicacións anteditas.

- Libro de texto

#### Avaliación:

- As probas, de non poder realizarse de xeito presencial e non poder ser aprazadas, realizaránse de forma telemática ben de forma escrita ou oral, sempre que se poida garantir a integridade das probas.
- Corrección e valoración das tarefas e traballos entregadas polo alumnado no prazo estipulado.
- Observación sistemática do seguimento que o alumnado fai da materia.
- De ser necesario, se non se pode garantir a realización de probas durante a cuarentena e tampouco se poden aprazar para realizalas de maneira presencial, modificaranse os criterios de cualificación de cada unha das materias.

### **9.2- NO CASO DUN ALUMNO/A EN CUARENTENA**

#### Metodoloxía:

- Vídeos coas presentacións dos contidos a través da aula virtual ou Edixgal.
- Entrega de tarefas a través da aula virtual ou de Edixgal.
- Explicacións e resolución de dúbidas a través de aplicacións de mensaxeira instantánea a través da aula virtual ou de Edixgal.

#### Materiais e recursos

- Aplicacións de uso didáctico de carácter telemático antes citadas.
- Apuntamentos propios e presentacións dos contidos.
- Tarefas confeccionadas para a entrega e corrección online.

- Vídeos explicativos de uso didáctico a través do portal web Youtube.
- Artigos ou páxinas web de interese histórico mediante enlaces web proporcionados ao alumnado mediante as aplicacións anteditas.
- Libro de texto

#### Avaliación:

- Sempre que sexa posible, aprazaránse as probas para poder realizalas de xeito presencial. En caso de ser perxudicial para o/a alumno/a ese aprazamento, realizaránse de forma telemática ben de forma escrita ou oral, sempre que se poida garantir a integridade das probas.
- Corrección e valoración das tarefas e traballos entregadas polo alumnado no prazo estipulado.
- Observación sistemática do seguimento que o alumnado fai da materia.

## **10- 1º ESO**

### **10.1- TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS**

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1. A PREHISTORIA.
	UNIDADE 2. AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS.
	UNIDADE 3. A GRECIA ANTIGA.
2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 4. A ROMA ANTIGA.
	UNIDADE 5. O PLANETA TERRA E A SÚA REPRESENTACIÓN.
	UNIDADE 6. O RELEVO.
3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 7. A AUGA NA TERRA.
	UNIDADE 8. TEMPO E CLIMA.
	UNIDADE 9. NATUREZA E SOCIEDADE.

### **10.2- UNIDADES DIDÁCTICAS DE 1º ESO**

#### **UNIDADE 1. A PREHISTORIA**

O contido da primeira unidade, A Prehistoria, aborda como, onde e cando xurdiron os primeiros seres humanos. Explica os cambios fisiolóxicos e os primeiros avances tecnolóxicos. Descríbense os elementos económicos, sociais, políticos, relixiosos e artísticos máis destacados desta época. Explica os cambios que levaron as sociedades humanas a abandonar o modo de vida do Paleolítico (cazadores nómades) e a converterse en produtores de alimentos sedentarios.

Ao longo da unidade, polo tanto, os alumnos comprenderán o proceso de hominización e a forma de vida dos primeiros grupos humanos, as súas condicións de vida e mais a aparición das primeiras manifestacións culturais. comprenderán as transformacións que se deron no paso do Paleolítico ao Neolítico e no paso do Neolítico á Idade dos Metais, desagregadas por niveis económicos, sociais, políticos e culturais.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Fontes históricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Cambio e continuidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as noicións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Tempo histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Evolución das especies e a hominización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Entender o proceso de hominización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.</li> <li>▪ B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.</li> <li>▪ B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

## **UNIDADE 2. AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS**

O contido da Unidade 2, As primeiras civilizacións, aborda como, onde e cando xurdiron as primeiras civilizacións. Explica que condicións se deron nalgúns lugares para que as aldeas neolíticas chegasen a converterse en cidades, así como as características comúns de Mesopotamia e Exipto. Despois describe os trazos económicos, sociais, políticos, relixiosos e artísticos máis destacados de cada civilización en concreto.

Ao longo da unidade os alumnos comprenderán a forma de vida destes pobos, e como se organizaba a convivencia, ademais da súa arte e a súa relixión. Esta última, a relixión, é un factor fundamental da cultura exipcia. Esta non se entende se non se comprenden os demais aspectos.



Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Cambio e continuidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Tempo histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
